



MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA E A DIOCESE DE LUGO PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE A RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA IGREXA DE PEDREDA.

A xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Diocese de Lugo, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións básicas entre o INEGA e a DIÓCESIS DE LUGO, para a realización do proxecto de renovación da instalación eléctrica e iluminación da Igrexa de Pedreda, mediante a substitución de cableado de todo o edificio, reparación de lámpadas ornamentais e substitución de lampadario electrónico, todo na procura dunha mellora da eficiencia enerxética e lumínica.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que a Igrexa Católica da que forma parte a Diocese de Lugo é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, como é o caso da Igrexa de Pedreda.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de dezaseis mil setecentos oitenta euros con corenta céntimos (16.780,40 €) IVE engadido, equivalente ao 100% do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 05.A3.733A.781.0 (proxecto 201600010) do seu orzamento de gastos para o ano 2023, segundo o cadro seguinte:

PARTIDAS DE OBRA	Partida alzada	PEM: Euros
1.01 Módulo contador + caja de acometida, incluyendo reubicación, material auxiliar y mano de obra.	967,93	967,93
1.02 Soporte de acero para sujeción de módulo	259,50	259,50
1.03 Cuadro de protección estanco con su respectiva paramenta	893,00	893,00
1.04 Sustitución de cableado de las líneas de iluminación de toda la Iglesia, mecanismos y nuevas luminarias, de alta eficiencia energética.	3.133,17	3.133,17
1.05 Manguera de alimentación instalada bajo tubo	1513,87	1513,87
1.06 Reparación de lámparas exsistentes	267,78	267,78
1.07 Sustitución de cableado instalación de megafonía	3471,07	3471,07
1.08 Lamparario electrónico	1347,10	1347,10
1.09 Línea de fuerza	386,58	386,58
SUMA PARTIDAS DE OBRA INSTALACIÓN ELÉCTRICA =		12.240,00€
Honorarios Redacción de Documento Técnico.	700,00 €	700,00 €
Honorarios Dirección de obra y Certificado Final.	300,00 €	300,00 €
Licencia municipal de obras (ICIO + Taxa) Concello de Lugo.	760,00 €	760,00 €
IMPORTE SIN IVA (OBRA, HONORARIOS Y LICENCIA MUNICIPAL) =		14.000,00 €
21% de IVA (Sin incluir el importe de la Licencia municipal)		2.780,40 €
PRESUPUESTO DE CONTRATA =		16.780,40 €

No texto do convenio ponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de mellorar a eficiencia enerxética do patrimonio histórico, artístico e cultural galego.

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xerente

Vanessa Cal Ríos

